

# I Concurso literario *Mazarelos*

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e de desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuír a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca o **I Concurso literario *Mazarelos***, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela, de acordo coas seguintes

## BASES

### 1.- Participantes

Poderá participar o estudiantado de grao, mestrado e doutoramento que estea matriculado na USC en calquera momento do ano 2015 anterior á finalización do prazo de presentación.

### 2.- Obras

Admítense calquera xénero literario e calquera tema.

Os textos deberán ser orixinais, escritos en lingua galega, inéditos e non premiados noutros concursos. Tampouco non se poderán presentar a outros concursos durante o período desta convocatoria ata que se publique a decisión do xurado.

Cada participante só poderá presentar unha obra.

Os/as concursantes deberán achegar unha declaración na que garantan a autoría da obra e que os seus dereitos non están comprometidos nin pendentes de veredicto en ningún outro concurso literario. Esta declaración estará incluída no formulario de autoría que se publicará na páxina web da Facultade ([http://www.usc.es/fac\\_filoloxia/](http://www.usc.es/fac_filoloxia/)).

Establécese un límite máximo de 30 folios ou DIN A4 mecanografados por unha soa cara, cunha extensión máxima de 9.000 palabras. Non hai límite mínimo.

### 3.- Entrega de traballos

As obras deberanse presentar nun sobre pechado dirixido ó enderezo *Decanato da Facultade de Filoloxía, Avda. Castelao, s/n. Campus Norte, 15782 Santiago de Compostela*. A entrega poderase facer no propio Decanato e nos Rexistros Xerais da USC en Santiago e Lugo, ou ben enviálo por correo postal certificado.

No exterior do sobre pechado constará a mención "I Concurso literario Mazarelos". No seu interior achegaranse cinco copias da obra presentada ó concurso sen asinar e sen que nelas figuren datos persoais e, ademais, un sobre pequeno, tamén pechado, co nome da obra e o lema ou pseudónimo do/a autor/a no exterior, e no interior o formulario de autoría que se atopará na web ([http://www.usc.es/fac\\_filoloxia/](http://www.usc.es/fac_filoloxia/)) cos seguintes datos: nome e apelidos, correo electrónico, teléfono de contacto e número de conta bancaria da que for titular (20 díxitos ou IBAN), así como o título da obra e lema ou pseudónimo.

#### **4.- Prazo**

O prazo de presentación remata o mércores 23 de setembro de 2015 ás 14:00 horas.

#### **5.- Xurado**

O xurado estará integrado por cinco membros elixidos e nomeados pola Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da Facultade de Filoloxía. Tres deses membros serán profesores/as da Facultade, procurando que polo menos un deles pertenza á área de Filoloxías Galega e Portuguesa. Os outros dous membros serán escritores/as sen relación actual coa Facultade. O/a presidente/a será elixido/a entre os/as profesores/as polos/as propios/as integrantes do xurado. A composición do xurado darase a coñecer na data de publicación da súa decisión.

A decisión do xurado será inapelable.

#### **6.- Resolución e premios**

Establécense os seguintes premios:

1º premio: 500 euros e diploma.

2º premio: 250 euros e diploma.

3º premio: 150 euros e diploma.

Os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente.

A organización, a proposta do xurado, poderá declarar desertos algúns dos premios, ou, de se-lo caso, amplialos concedendo os accésits que considere oportunos e que consistirán en diplomas.

A resolución do concurso será publicada na páxina web da Facultade de Filoloxía ([http://www.usc.es/fac\\_filoloxia/](http://www.usc.es/fac_filoloxia/)) e tamén se lles comunicará persoalmente ás persoas gañadoras.

Valorarase así mesmo a posibilidade de publica-las obras premiadas.

Polo feito de participaren, os/as autores/as cédennle expresamente á Facultade de Filoloxía da USC os dereitos de uso, difusión, distribución e reprodución da obra presentada para a súa posible publicación nunha edición de carácter non venal, ou que responda a fins promocionais e/ou culturais.

Os traballos non premiados poderán ser recollidos polos/as autores/as no Decanato ata o remate do ano 2015. Unha vez rematado o ano, os traballos non recollidos serán destruídos.

#### **7.- Entrega de premios**

A CNL organizará un acto de entrega de premios, que se celebrará no mes de novembro de 2015.

#### **8.- Aceptación das bases**

A presentación ó concurso implica a plena aceptación da totalidade das súas bases e do veredicto do xurado.

A CNL reserva para si o dereito de facer modificacións e tomar iniciativas non recollidas expresamente nestas bases, sempre que contribúan á mellora do concurso e non alteren a súa esencia.

A organización non se fai responsable respecto a plaxios ou violación dos dereitos de autor dos textos presentados, así como calquera outra transgresión da lei.